

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 11 SETEMBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de Setembro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, don Francisco Xabier Carreira Sebio.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 4 de Setembro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Dáse conta do escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo número dous de Ourense, de 6 de setembro de 2006, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 11.09.06, polo que se comunica ao Concello que no Xulgado séguese **recurso contencioso-administrativo- Procedemento núm. 292/06**, a instancia de Gestima S.L. contra acto administrativo presunto por silencio administrativo e inactividade ante solicitude de improcedencia de liquidacións. No escrito requírese a remisión no prazo de vinte días do expediente administrativo, completo, foliado e debidamente autenticado, acompañándose dun índice dos documentos que conteña, debéndose notificar nos cinco días seguintes a resolución pola que se acorda remitir o expediente, previamente a súa remisión, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que poidan persoarse como demandados ante dito Xulgado no prazo de nove días, con remisión das xustificacións dos emprazamentos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada, e acorda:

Primeiro.- Remitir o expediente administrativo ao Xulgado completo, foliado, debidamente dilixenciado e cun índice comprensivo dos seus documentos.

Segundo.- Emprazar a cantos aparezan como interesados co fin de que poidan persoarse como demandados.

Terceiro.- Nomear como avogado para dita causa a don Angel Pazos Huete.”

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PROXECTO.-

APROBACION DO PROXECTO DENOMINADO " C.V. 345 CENLLE-VAL DE PEREIRA”.- A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto técnico da obra " C.V. 345, Cenlle-Val de Pereira” do Plano Operativo Local 2006, nº613, redactado polos Enxeñeiros pertencentes o Servizo de Vias de Obras da Deputación Provincial de Ourense, don Manuel Rodríguez Portugal e Don Juan M. Pinal Hermida , cun orzamento total de contrata de 70.000 euros.

APROBACION DE FACTURA.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura presentada por Agrícola Orensana S.L., relativa a subministración dun tractor desbrozador con remolque, por importe de 87.500 euros, os efectos de xustificar a correspondente subvención ante a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

PETICION DE SUBVENCION.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 9 de agosto de 2006, polo que se convocan subvencións destinadas as entidades locais de Galicia, dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes e con eliminación da violencia de xénero, acorda solicitar a correspondente subvención e aceptar as condicións e os requisitos establecidos na orde referenciada.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº2/06.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 2/06, por importe de 87.670 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal.

APROBACION DE GRATIFICACIONES.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a Dona Maria Julia Mosquera Vázquez, funcionaria deste Concello, unha gratificación de 450 euros polo

desempeño do posto de Secretaria, en ausencia do Secretario Municipal, durante o pasado mes de agosto.

PROGRAMA COMUNITARIO ENOTURISMO-AS ROTAS DO VIÑO, UNHA VIA CARA A CREACIÓN DE EMPREGO.-

En relación do proxecto denominado “Enoturismo-Las rutas del Vino, Unha via hacia la creación de empleo, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación o proxecto denominado “Enoturismo-Las rutas del Vino, Unha via hacia la creación de empleo”.

SEGUNDO.- Comprometerse a cofinanciación da cantidade de 47.952,50 euros, correspondendo ao 25% de 193.810 euros.

INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO.-

“ En relación co Decreto 347/1998, do 18 de decembro, pola que se regulan ás iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral, e vista a solicitude formulada polo Proxecto de Iniciativa Local de Emprego, da empresa O SEIXO S.C., figurando como promotor don Javier Diéguez Bernárdez e Outros, de servizos de agricultura e xardiñería e explotación agrarias e particulares, para que o Concello de Ribadavia o exima ou estableza unha bonificación nos tributos municipais en concepto de axudas varias e a Consellería de Traballo poida subvencionalo dentro do Programa ILE. Tendo en conta que vén informado favorablemente pola Axencia de Desenvolvemento Local, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego, da empresa O SEIXO S.C., figurando como promotor don Javier Diéguez Bernárdez e Outros, de servizos de agricultura e xardiñería e explotación agrarias e particulares, e continuar a tramitación do devandito expediente.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.